# SECRETARIA DE ASESORAMENTO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA (Secretaría de Concursos).

I.- PUBLICIDADE DOS CONCURSOS E DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO a través da circular colexial e a web do COAG.

A. Concursos. Publicáronse un total de 518 concursos, dos cales 49 foron convocados pola Administración local de Galicia (Concellos); 23 convocados pola Administración Territorial Autonómica (Xunta de Galicia); 42 convocados por outras entidades públicas de Galicia; 61 concursos convocados polo Goberno Central e Deputacións, 215 convocados por outras entidades Públicas de fora de Galicia para a súa execución no resto do territorio nacional e 128 convocados por concellos de fora de Galicia e outras comunidades autónomas; 6 premios de arquitectura convocados por entidades privadas.

B. Prazas de Arquitectos. Publicáronse 36 convocatorias de emprego público para arquitectos.

PUBLICACIÓN DE CONCURSOS NA WEB DO COAG: TOTAL: 518

Total visitas recibidas na sección de concursos: consultar informe dpto.informática.

Ademais, púxose á disposición dos colexiados os pregos dos concurso aos que o COAG tivo acceso.

II.- SERVICIO DE ATENCIÓN AOS COLEXIADOS. Desde a Secretaría de Concursos atendéronse todas as consultas plantexadas, intermediando, en ocasións, entre os colexiados e a Administración Pública.

III.- ASESORAMENTO INTERNO. Desde esta Secretaría prestouse asistencia ás Delegacións do COAG que prestaron a súa colaboración a diferentes Administracións Públicas de Galicia, ou a outras entidades, de cara á organización de concursos ou premios de Arquitectura.

#### IV.- SEGUIMIENTO E CONTROL DOS PROCEDEMENTOS QUE UTILIZAN AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A CONTRATACIÓN.

Como medio de seguimento e control preventivo hai que subliñar que houbo representantes do COAG en moitos xurados de concursos. O mais importante é que cada vez mais desde a Administración Pública Galega se solicitan representantes do COAG por propia iniciativa. Así mesmo, desde a Administración Local solicitouse desta Secretaría a remisión de modelos de pregos de concursos antes da súa convocatoria.

Noutros casos, e tras intentar a modificación dos pregos por parte das entidades convocantes (por entender que non se axustaban á normativa aplicable) mediante a conversa e ante a negativa destas, propúxose aos órganos decisorios do COAG a presentación formal das oportunas reclamacións contra os pregos.

#### V.- COLABORACIÓN NA CONVOCATORIA DE CONCURSOS

O longo do 2006 asináronse distintos acordos e colaborouse con entidades públicas e privadas para a convocatoria de concursos:

- CONCURSO DE IDEAS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, PARA A CONSTRUCCIÓN DA NAVE DE RECEPCIÓN DE UVA E A MELLORA DA IMAXE DO CONXUNTO DAS EDIFICACIÓNS DAS BODEGAS MARTÍN CODAX, PROCEDEMENTO ABERTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO.
- II PREMIO FORESTALIA A LA CONSTRUCCIÓN EN MADERA 2006.
- PRIMEIRO PREMIO DE ARQUITECTURA CARMEN FERRO-BODEGAS AS LAXAS AO MELLOR PROXECTO CONSTRUTIVO E/OU DE REHABILITACIÓN DE ESTABLECEMENTOS ADICADOS A HOSTELERÍA NO RURAL. A EXECUCIÓN DAS CORRESPONDENTES OBRAS DEBE TER REMATADO NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS (ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2001 E O 31 DE DECEMBRO DE 2005).
- CONCURSO PARA A REHABILITACIÓN DO INMOBLE COÑECIDO COMO CASA GRANDE DE LUSÍO, EN SAMOS, LUGO.
- CONCURSO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO XUDICIAL EN O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)
  
- CONCURSO INTERNACIONAL DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE PROXECTO BÁSICO PARA A CONSTRUCCIÓN DA CIDADE DA XUSTIZA EN VIGO

Asdo.: Dña. Mar Cajaraville Bouzón

# ASESORÍA XURÍDICA

## 1) Asesoramento aos órganos colexiais.

Como de ordinario, o asesor xurídico estivo ao dispor dos diversos órganos colexiais, sinaladamente da Xunta de Goberno e a súa Comisión executiva, e de varias Xuntas Directivas de Delegación, especialmente a de Vigo.

A asistencia aos instrutores e ao órgano competente para resolver nos procedementos disciplinarios foi especialmente activo neste período.

## 2) Outros asesoramentos.

Como ten acontecido anos pasados, o asesor xurídico do COAG foi reclamado para integrar grupos de traballo.

Revestiron especial interese os encontros co Profesor Rodrigo Bercovitz, para a elaboración dunhas conclusións sobre diversos temas relativos á propiedade intelectual dos arquitectos.

No momento actual estase a programar unha reunión para implementar a aplicación da recente Lei de Sociedades Profesionais.

Nos últimos tempos, vense rexistrando un aumento constante do número de consultas que recibe a asesoría dos colexiados, directamente, por asuntos profesionais propios ou dos promotores.

Foi obxecto de análise por miúdo o Código Técnico da Edificación, especialmente na vertente da súas aplicacións transitorias.

Outro tema destacado no que a asesoría informou á Xunta de Goberno, con ampla achega documental, foi o da posibilidade de conservar a técnica dos baremos ou da súa suposta incompatibilidade co ordenamento comunitario, que puxo sobre a mesa unha carta da Dirección Xeral de Defensa da Competencia, dirixida aos Presidentes dos Consellos de Colexios no mes de novembro, seguida de declaracións públicas do Sr. Ministro de Economía e Facenda.

Tamén abundan as consultas das comisións e órganos colexiais a propósito de convenios con institucións externas.

## 3) A dedicación da asesoría xurídica a asuntos xudiciais tamén foi considerable.

Foron iniciados neste período, polo menos, procedementos contencioso-administrativos das seguintes características:

Perante os Xulgados do Contencioso administrativo de:

Vigo, como coadxuvantes (codemandados) do Concello de Soutomaioir;

Pontevedra, como coadxuvantes (codemandados) dos Concellos de Mos, Pontearreas e Tui.

En tódolos casos anteriores, a controversia recae sobre a competencia dos arquitectos técnicos para proxeccionar obras de reforma con afección a elementos estruturais. Os concellos denegan a licenza secundando os informes dos arquitectos municipais. Os promotores ou o Colexio Oficial de AATT da Provincia de Pontevedra recorren, e o COAG intervéñ coma codemandado.

Segue pendente perante o Xulgado de Santiago de Compostela un preito promovido polo Consello Xeral dos CC.OO. de Enxeñeiros Industriais, reclamando competencias para asinar estudos de seguridade e saúde en proxectos alleos.

Tamén temos en marcha procedementos perante o Xulgado do Ferrol (en defensa do arquivo dun procedemento disciplinario) e perante o Xulgado de Pontevedra, en reclamación do pagamento de premios concedidos e insatisfeitos, e temos en estudo outra reclamación semellante contra o Concello de Cangas.

Tódolos asuntos amentados están en trámite.

Isto é o que consideramos máis digno dunha sintética mención, con relación ao período abrangido na presente memoria.

O asesor xurídico do COAG

Asdo.: Alfonso Álvarez Gándara

# INFORMÁTICA

## Introducción

Durante o ano 2006 o traballo no departamento de informática estivo centrado na potenciación dos servizos prestados a través de medios telemáticos (visado dixital, web, mailing), así como na mellora dos mecanismos informáticos implicados na xestión interna. Ó mesmo tempo, realizouse unha permanente renovación de equipos e servidores. Nas páxinas seguintes expóñense aqueles traballos máis importantes realizados no Departamento, así como os principais proxectos a iniciar ou continuar coa apertura do novo exercicio.

Non se inclúen as tarefas cotiás efectuadas dende o Departamento como son a solución de avarías nos postos de traballo e servidores de rede, realización de tests, redacción de informes ou estatísticas, reparación de erros humanos ou provocados por programas na base de datos, solución de problemas cos servizos de internet, renovación de certificados dixitais, ou a alta de usuarios rexistrados na base de datos de Internet e/ou correo electrónico.

---

Subliñar que un dos postos de programador do Departamento, base de moitas tarefas de desenvolvemento, sufriu unha alta inestabilidade, producíndose tres baixas durante o ano. Isto tivo un importante impacto na produtividade, xa que obrigou a redefinir tarefas e a reprogramar os desenvolvementos.

---

## Traballos e Proxectos

Detállanse a continuación os principais proxectos realizados durante o ano 2006 no noso Departamento ou mediante a nosa colaboración e/ou organización.

### COAGXestión: actualizacións e melloras

A aplicación de xestión experimentou 15 actualizacións. Nelas, ademais de implementar os trocos introducidos dende o punto de vista administrativo, melloráronse a eficiencia e velocidade dos procesos máis críticos. Os principais aspectos abordados foron:

#### Domiciliación de aportacións colexiais

Desenvolvéronse os módulos e mecanismos necesarios para posibilitar o pagamento dos cargos colexiais a través da domiciliación bancaria. Isto reduciu xestións e abaratóu os trámites ós colexiados, á vez que minimizou os tempos e liberou recursos na parte de xestión colexial.

Desde o punto de vista administrativo só se habilitou o pagamento por domiciliación para as xestións de visado dixital, medio no cal o emprego de este mecanismo, ademais, axilizou o trámite de visado e a retirada do proxecto para os estudos.

#### Mecanismo de cacheado de información para o visado dixital

Traballouse na constante mellora da funcionalidade que permite o visado dixital distribuído nos postos locais das delegacións de xeito inmediato (anticipación das descargas dende o servidor central).



### **Introducción da sinatura dixital recoñecida nos proxectos dixitais visados**

Co obxecto de conferirlle ós documentos visados electronicamente unha maior capacidade para a verificación por parte de terceiros (concellos, propiedade, etc.), incorporouse ós arquivos PDF visados unha sinatura dixital recoñecida, isto é, consonte ó artigo 3.3 da Lei 59/2003 de Firma Digital.

A inclusión da sinatura dixital sobre o arquivo PDF non supón modificacións do contido do proxecto, senón que establece un mecanismo de control de identidade de quen realiza o visado (o arquitecto de visado do COAG) e da integridade do documento (non foi modificado). A utilización dun certificado recoñecido na sinatura dixital garante plenamente estes mecanismos de control.

Deste xeito, de modo gratuito e sinxelo, calquera persoa (administración, propiedade, etc.) pode verificar a identidade do asinante e a integridade do documento, aportando os arquivos dixitais do proxecto, por separado, ou conxuntamente coa súa versión impresa. Se só se dispón da versión impresa, a verificación está supeditada á confianza de quen recibe o proxecto, ó igual que nas modalidades de visado físico (pegatina ou selo de tinta).

O mecanismo de sinatura dixital de proxectos realízase de xeito desasistido no servidor, isto é, sen a intervención directa do arquitecto visador. Así, conséguese unha maior eficiencia no proceso de visado, xa que se evitan tempos de espera e transferencias de información dende o posto de visado ó propio servidor.

### **Troco nas marcas de visado dixital**

O selado dos arquivos dixitais cambiouse para automatizalo na zona máis natural á presentación dos proxectos: á marxe inferior dereita, distinguindo, tamén de xeito automático, distintas alturas de ubicación para os arquivos tipo texto (memorias, presupostos, pregos, etc.) dos planos.

### **Melloras nos módulos de xestión de datos estatísticos**

Partindo das indicacións do Departamento de Visado, implementáronse unha serie de mecanismos (de verificación ou heurísticos), co fin de mellorar o control dos datos estatísticos na base de datos de tramitación de expedientes, os cales tamén se estableceron na aplicación de xestión telemática COAGEstudio. A base dos métodos é unha análise estatística dos datos históricos da base de xestión do COAG, para establecer marxes de seguridade na especificación e relación entre os datos de técnicos (número de vivendas, orzamento, superficies,...).

Estes mecanismos de control produciron unha depuración nos datos estatísticos de Galicia correspondentes ó ano 2006.

### **Módulos de comunicación de tramitación de expedientes**

Desenvolveuse un novo módulo co fin de controlar automaticamente os pagamentos dos encargantes, cando se encomenda a xestión do cobro de honorarios ó COAG. Ata entón este control realizábase de xeito manual, e polo tanto era susceptible de erros. Agora a xeración dos correspondentes avisos a encargantes (primeiros, segundos e terceiros) é automática unha vez os prazos se cumpren sen que exista pagamento. Prodúcese así un control estrito á vez que se eliminan tarefas de xestión.

### **Melloras para a eficiencia na introducción de datos**

Programáronse novos mecanismos para mellorar a eficiencia na introducción dos datos na tramitación dos documentos físicos. A clonación de expedientes ou a automatización de pantallas en cascada posibilitan unha máis áxil introducción dos datos sen necesidade de reabrir os proxectos.

## COAGEstudio e Visado Dixital

O visado dixital está experimentando un paulatino aumento no seu número de usuarios. O número de arquitectos que utilizaron esta vía para a tramitación de proxectos aumentou durante 2006 ata superar os 300. En consecuencia, o número de novos expedientes visados dixitalmente tamén aumentaron (2.559), situándose a porcentaxe sobre o total do tramitado en Galicia nun 16-18%<sup>1</sup> no último cuadrimestre do ano.

A concentrada carga de traballo debida ó CTE no mes de setembro (ata 119 expedientes/día) supuxo un importante reto para todos os sistemas e persoas implicadas na plataforma de visado dixital. O resulta final foi a tramitación en prazo (e incluso dos que entraron fóra deste) de todos os proxectos enviados.

Descríbense a continuación os principais traballos desenvolvidos por esta comisión no visado dixital e a aplicación para a súa xestión (COAGEstudio).

### Asistencia (902)

A asistencia ó visado dixital a través do 902 mantívose durante o ano 2006, se ben se foron introducindo trocos nas persoas responsables de levala a cabo.

- Ata setembro de 2006: Mauricio Galvani, do Departamento de Informática, dende as instalacións da delegación de Vigo.
- Setembro-Novembro: Pedro Rodríguez Seoane, administrativo da Delegación de Vigo, dende as instalacións de Vigo.
- Decembro: Luis Álvarez Fernández, arquitecto vinculado ó Departamento de Informática, dende as instalacións da Sede Colexial.

A atención a incidencias particulares, ou especialmente complexas, foi abordada directamente por parte un programador do Departamento.

Unha característica importante engadida ó COAGEstudio é a de que este avisa automaticamente ó departamento de asistencia de erros na transmisión da información. Deste xeito, as incidencias abórdanse máis rápido e dispoñendo xa dunha primeira avaliación das causas.

Os desprazamentos ós estudos evitáronse na súa maioría mediante o uso dunha aplicación de monitorización dos equipos dos estudos (Inquiero), que permite traballar no equipo do estudio baixo autorización deste. Isto deu lugar a unha considerablemente mellor e máis áxil atención ós colexiados.

Para mellorar a comunicación entre os distintas persoas do COAG implicadas na tramitación dun expediente dixital, que se atopan por norma xeral en diferentes sedes, comezouse a dotar ós mesmos de terminais de telefonía IP.

### Versións e melloras

As actualizacións automáticas sucesivas que se foron publicando (6) reduciron considerablemente o número de incidencias rexistradas, mellorando, asimesmo, a solidez e potencia da plataforma.

- **Melloras na usabilidade:** pantalla de últimos documentos xestionados, especificación do medio de pagamento (domiciliación).
- **Subida e baixada de arquivos:** fixéronse varios trocos na subida e baixa da información que deu como consecuencia unha transmisión íntegra dos arquivos e a súa sinatura case no 100% dos casos. Entre outros actualizouse a tecnoloxía de transmisión e fíxose a mesma tolerante a erros.

---

<sup>1</sup> No mes de abril de 2007 a porcentaxe é aproximadamente do 23-24%, o cal da unha idea do potencial ritmo de crecemento a curto e medio prazo.

- **Sistema de actualización:** debido ó importante tamaño que pode acadar o contedor de arquivos dun estudio xurdían dificultades no método de actualización automático de versión. Realizáronse trocos neste sentido, conseguindo, tamén, unha actualización 100% satisfactoria, á vez que máis rápida, das distintas versións.

### Reformas internas e desenvolvemento de COAGEstudio2.0

No momento no que se deseñou a actual aplicación de visado dixital asumíronse unha serie de requisitos funcionais que tiñan en conta a disposición de medios dos estudos. En outros, preveendo a non disposición de conexións a Internet permanentes e de calidade, asumíuse a creación dun entorno de traballo desconectado, isto é, que traballaba no ámbito do equipo do estudio e despois comunicábase co COAG a través dun proceso de sincronización, ben pola rede, ben mediante un soporte tipo CD.

Inda dispoñendo de suficiente potencialidade como para realizar os trámites con axilidade e solidez, esta solución presenta dificultades evidentes para a implementación de módulos para traballo en grupo (dende distintas localizacións da rede) por parte de distintos estudos. Ó mesmo tempo, ó non dispoñer de "tempo real" ata o momento da sincronización, o fluxo de información non resulta o óptimo.


Tendo isto en conta, e partindo da premisa de que hoxe en día os estudos que realizan visado dixital dispoñen dunha conexión a Internet 24 horas e de calidade, como o proba a experiencia, plantexouse á Xunta de Goberno realizar unha importante evolución funcional da aplicación COAGEstudio, facendo que a información dos estudos resida nos servidores do COAG. Posibilitáanse así novas funcionalidades (copia de seguridade remota, información en tempo real, traballo en rede,...) e ábreanse novas vías para implementar servicios na aplicación máis alá do visado dixital. A Xunta de Goberno aprobou a proposta e iniciáronse os correspondentes traballos de desenvolvemento.

Esta evolución súmase a un paquete de medidas do COAG que se iniciaron en 2006 e que están encamiñadas a potenciar o visado dixital. Neste sentido, a prioridade no traballo veu marcada, ademais de pola constante mellora dos sistemas en produción, por fortalecer e facer escalables os recursos e as estruturas colexiais con vista a unha plena implantación do visado dixital. Con isto presente, o Departamento de Informática priorizou os encargos que se derivaron das reformas estruturais por diante do desenvolvemento de COAGEstudio20, se ben se lle deu a este último un importante impulso para que as primeiras versións estivesen dispoñibles a comezos de 2007. A inestabilidade que se produciu na plantilla de programadores retrasou inevitablemente os traballos.


### Web Colexial

A web colexial reformouse por completo, para facer que mellorase sensiblemente no que a claridade, localización da información e estruturación respecta. Creuse un novo esquema de navegación e unha liña diferente de elementos de deseño, para incrementar, especialmente, as velocidades na navegación e consulta, así como para dotar de homoxeneidade visual a información.

Ó mesmo tempo, a tecnoloxía de base da web actualizouse a Microsoft.NET, o cal permite rápidas evolucións futuras e unha maior estabilidade e escalabilidade. O número de usuarios da web aumentou en 2006 en 376 contas, co cal na actualidade están rexistrados 2875 usuarios (arquitectos ou sociedades).



A maior cantidade da información ofrecida, así como o máis alto nivel de actualización da mesma, en especial no que se refire ás cuestións relativas ó CTE, deron como resultado un incremento no número medio de visitas.



Evolución das visitas á web

Iniciouse o traballo de creación e deseño do blog do CTE do COAG (<http://blogcte.coag.es/>), que se publicou a comezos de 2007. Precisamente, o modelo seguido (separación de redactores, formatos e medios de comunicación) é o que se estenderá en xeral para o resto dos contidos da web do COAG. A ferramenta para levar a cabo a primeira fase desta tarefa desenvolveuse durante 2006, co obxecto de dispoñer dun xestor de contidos web para a xestión de todos os eventos colexiais e a redacción automática e homoxénea das circulares. En principio, esta ferramenta, no seu deseño final, entrará en funcionamento no primeiro cuadrimestre de 2007.

Á marxe do mantemento das distintas zonas de [www.coag.es](http://www.coag.es), e do blog do CTE antes mencionado, os principais traballos web foron:

- **Envíos electrónicos:** publicáronse 350 circulares electrónicas e enviouse unha media de 36 mailings cada mes. Os mailing foron das propias circulares ou de eventos ou notas importantes ou urxentes.
- **Zona web de datos de colexiados:** desenvolveuse un módulo web para que os colexiados, mediante o seu usuario e contrasinal, poidan consultar/xestionar telematicamente a maioría dos seus datos colexiais (enderezos, teléfonos, mails, contrasinais, contas,...). A súa publicación está pendente da Secretaría Colexial.
- **Adaptación da calculadora de aportacións colexiais e da folla de valoración:** nova versión (9.0) para adaptarse ó novo baremo.

- **Aloxamento de webs de colexiados:** aloxáronse nos servidores do colexio as web dos estudos que así o solicitaron.

### Relación con terceiros - Colexios

O departamento mantivo contactos con terceiras entidades (CSCAE, outros colexios, empresas,...) co fin de establecer relacións que impliquen melloras nos servizos dixitais que se prestan, ou a posible prestación de ofertas comerciais vantaxosas para os colexiados:

#### Consejo Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE)

Incidíuse novamente na necesidade de modernizar o rexistro nacional de arquitectos, co fin de evitar trámites innecesarios nas habilitacións e, en xeral, na mobilidade dos colexiados no territorio nacional. A proposta desta comisión ó CSCAE foi a creación por parte deste de webservices que possibiliten o intercambio en tempo real da información.

A comisión realiza ó CSCAE dous envíos con regularidade. O primeiro, trimestral, correspóndese coas estatísticas de edificación, por concello. O segundo é a base de datos de arquitectos para o rexistro consolidado, que se entrega cunha regularidade que depende da cantidade de altas realizadas (ou en xeral da cantidade de cambios feitos). O troco deste último envío por unha comunicación en tempo real é, precisamente, a proposta anteriormente mencionada.

#### Outros Colexios: Asturiano, Cántabro e Leonés

Os colexios de Asturias, Cantabria e León/Zamora/Valladolid implantaron para a súa xestión e visado dixital os programas desenvolvidos no COAG. En particular, o Colexio de Asturias comezou durante 2006 a traballar cos novos sistemas.

Nesta liña, os membros dos servizos informáticos do Colexio prestaron a súa permanente colaboración e asesoramento ós responsables da implantación en cada COA, dadas a súa experiencia e coñecemento da plataforma desenvolvida. No caso de Asturias, ademais, realizaron charlas de formación do persoal.

### Relación con terceiros - Empresas

Relaciónanse os principais traballos e contactos mantidos con empresas ou institucións:

#### EOSA, estrategia y organización S.A.

A empresa EOSA foi contratada polo COAG para realizar unha auditoría-análise dos procesos e organización do Colexio. Dende un primeiro momento, o Departamento de Informática prestou a colaboración precisa para a tarefa de EOSA.

Ademais, articulou a disposición de medios para realizar os traballos:

- Esquemas de funcionamento da xestión colexial e diagramas e descrición de procesos actuais. Borrador de propostas de mellora.
- Fichas de persoal: confección de formularios, coordinación e recollida.
- Enquisa colexial: Traslado ós colexiados e recollida de formularios.

### Provedores GIS

Na contexto da revisión do convenio coa Xunta de Galicia para a publicación en web do planeamento urbanístico galego (<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/>) realizáronse contactos e análises cos principais provedores de sistemas GIS e integradores (ESRI, Sitiesa, Autodesk,...), coa intención de que a evolución se encamiñase a un entorno máis ambicioso e potente, apoiándose na tecnoloxía vectorial.

### Concello de Vigo

Colaborouse co Concello de Vigo na análise da adopción pola súa parte do formato dixital para a tramitación dos proxectos, nunha primeira fase para as ITE, e logo en xeral para todo tipo de proxectos.

### firmaprofesional

Estudiouse a adhesión do COAG á plataforma de certificación ofertada pola empresa firmaprofesional. O valor engadido que presenta esta empresa é que inclúe a acreditación como Colexiado do posuidor do certificado. Inda sendo un aspecto interesante, na actualidade semella plenamente operativo un certificado "oficial" como o de facenda ou do DNI electrónico para levar a cabo as funcións de arquitecto, posto que a súa identificación como tales (e outro tipo de datos) pode ser proporcionada ás institucións en tempo real por parte do COAG. O custo de implantación para os Colexiados sería nulo, ademais de utilizar un certificado que como cidadáns xa posúen.

### Caja de Arquitectos

Establecéronse contactos co Departamento técnico de Caja de Arquitectos, co fin de poñer á disposición dos Colexiados unha pasarela web para o pagamento no COAG. Finalizado o desenvolvemento técnico por parte do Departamento de Informática do COAG, así como a súa integración cos sistemas de xestión, a publicación quedou condicionada á sinatura dun convenio entre a Caja e o COAG.

### Servicio de Correo Electrónico

No servizo de correo electrónico (@coag.es), que suma un total de 2.900 contas, realizáronse estas principais tarefas de actualización e mantemento:

- Actualización da ferramenta Antivirus: actualizouse o antivirus de análise de correo, co fin de evitar posibles infeccións ós Colexiados.
- Filtros AntiSpam: instalouse e actualizouse un módulo de detección de patróns de correo non desexado. Actualmente descarta unha media de 750.000 correos ó mes.
- Interface web: incorporouse un interface web máis intuitivo e áxil que o actual.

### Seguridade da información

Mantívose o sistema de replicación da información crítica fóra das instalacións centrais, así como o de control de accesos a nivel de tráfico de rede (firewall). Actualizouse o sistema de xestión do Antivirus corporativo, para evitar posibles ataques a través do correo electrónico ou internet.

No período desta memoria non se ten constancia de infeccións nos postos ou de ataques que tivesen algún tipo de efecto na rede corporativa do COAG.

## Actualización de equipos e comunicacións

As principais actuacións en renovación de equipos e servidores foron:

- Cambiouse o dispositivo de copias de seguridade dos servidores centrais, por outro máis eficiente e seguro.
- Renováronse os equipos daqueles usuarios que tiñan un PC máis antigo.
- Adquiríronse para algunhas delegacións equipos proxectores e portátiles, para cursos, exposicións, charlas, etc.
- Equipouse a dous arquitectos de visado para capacitalos para realizar visado dixital.
- Equipouse ós arquitectos asesores do CTE.

## Traballos Contabilidade-Recursos financeiros

Colaborouse estreitamente con Departamento de Contabilidade e recursos financeiros para a actualización de toda a información contable do COAG. A esta tarefa crítica concedéuselle a máxima prioridade e destinouse, cando foi preciso, a un traballador en exclusiva. Acadouose unha práctica estabilidade nos procesos de interrelación entre a aplicación de xestión (COAGXestion) e o ERP Navision.

Non obstante, os mecanismos de conexión cos datos de xestión que proporcionou o integrador BINDAR presentan claras limitacións e fallas de funcionalidade, tales como a non conexión en tempo real. Isto conduciu a que, conxuntamente co Departamento de Contabilidade, se realizase unha análise de outros integradores capaces de satisfacer as demandas do COAG (plena conectividade en tempo real). Finalmente, seleccionouse á empresa Euclides-Otero e lanzouse o proxecto de reexxenería da conexión entre a xestión e os datos contables, que producirá unha optimización dos procesos e, en última instancia, simplificará ás xestións económicas ós colexiados.

## Outros desenvolvementos e traballos

No período da memoria realizáronse ademais unha serie de aplicacións destinadas, fundamentalmente, ó seu uso por parte dos colexiados:

- **Asesoramento á CAT na creación da aplicación de memorias:** asesoramento ós programadores da CAT en cuestións técnicas de desenvolvemento e programación (actualizacións, webservices,...), aplicados no programa de memorias.
- **Informe estatístico da vivenda en Galicia (2000-2005):** realizouse a extracción e análise de datos precisos para a obtención do Informe de Evolución da Vivenda en Galicia (2000-2005).
- **Aplicación para a web de planeamento:** implementouse unha aplicación para automatizar a migración da información escaneada dos planeamentos dos concellos de Galicia a un entorno GIS, evitando así un custoso e longo proceso manual.

## Iniciativas para o vindeiro exercicio

O exercicio entrante estará centrado na optimización de procesos, no impulso ó visado dixital e na mellora substancial dos mecanismos de produción e publicación da información colexial. En liñas xerais, as actuacións serán as seguintes:

**Programas:**

- Aplicación de xestión interna (COAGXestión): Optimización de procesos. Melloras na usabilidade da aplicación. Normalización do uso da sinatura electrónica en todas as xestións internas do COAG. Inclusión das coordenadas UTM nos proxectos.
- Aplicación de contabilidade: integración en tempo real con COAGXestion. Procesos de facturación mensual e pasarela de pagos. Factura electrónica.
- Aplicación para os colexiados (COAGEstudio):
  - Posta en marcha da nova versión COAGEstudio20, para o impulso do visado dixital.
  - Compatibilidade do sistema co DNI electrónico.

**Sistemas:**

- Renovación de equipos obsoletos nas delegacións e sede.
- Continuar a implantación de voz IP. Ampliación do ancho de banda das comunicacións, especialmente na liña pública.
- Análise de escalabilidade dos sistemas e servizos, sobre todo no referente ós sistemas de visado dixital.
- Análise de externalización de servizos.

**Correo electrónico**

Contratación dun servizo de mail profesional, a través dun provedor de comunicacións. Valoraranse a dispoñibilidade, velocidade e fiabilidade da plataforma.

**Información colexial**

Realización dunha reforma en profundidade dos mecanismos de publicación da información colexial en canto a redactores, contidos e deseño, que afectarán especialmente á web colexial. O eixo central da reforma será un xestor de contidos.

**Formación**

Continuarase cos cursos de formación ós usuarios do COAG nas ferramentas de uso cotiá, impartidos por membros do departamento de informática. Incorporarse a sinatura electrónica como materia a tratar.

Manuel Ángel Da Cruz Blanco  
 Director de Área, Departamento de Informática  
 Comisión de Servizos Dixitais  
 En Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2007



# COMISIÓN DE CULTURA

A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, está integrada por catro Delegados da Xunta de Goberno, dos que un ostenta o título de Presidente, e sete representantes das Delegacións.

No decurso do exercicio que se contempla foi a seguinte:

A) membros designados pola Xunta de Goberno:

|      |                          |                           |
|------|--------------------------|---------------------------|
| D.   | Felipe Peña Pereda       | Presidente                |
| D.   | José Luis Varela Alen    | Secretario                |
| Dna. | Marta Pérez-Cela Fornesa | Vocal                     |
| D.   | Mario Di Felice Vázquez  | Vocal                     |
| D.   | César Coll Núez          | Responsable de Biblioteca |

B) representantes das diferentes Delegacións:

|    |                              |            |
|----|------------------------------|------------|
| D. | Victor M. Glez. Magdalena    | VIGO       |
| D. | Eduardo Molina Souto         | PONTEVEDRA |
| D. | José Manuel López Leira      | FERROL     |
| D. | Xan Xosé Rodríguez Glez      | OURENSE    |
| D. | Fernando Agrasar Quiroga     | A CORUÑA   |
| D. | Maria del Carmen García Glez | SANTIAGO   |
| D. | Angel Sánchez González       | LUGO       |

O pleno da Comisión celebrou neste período 2 sesións ordinarias, tiveron lugar así mesmo outras 14 reunións para a organización de actividades, desenvolvemento de Convenios, Xurados, Premios, Concursos e Publicacións.

Para levar a cabo estas actividades realizáronse os seguintes traballos: Convocatorias e envíos de documentación correspondentes das respectivas reunións- Transcricións e redaccións de actas, escritos varios, fotocopias e arquivo de documentación cultural- elaboración de memoria- presupostos e informes de gastos e ingresos culturais- elaboráronse varios informes tamén para as diferentes reunións da Comisión de Cultura, entre eles un detallado, sobre a venda e regalos de libros -

Reséñanse nas páxinas seguintes as actividades desenvolvidas pola Comisión de Cultura clasificadas por temas.

## CONVENIOS

Neste exercicio que se contempla a Comisión de Cultura desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes convenios:

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DE A CORUÑA (E.T.S.A.C) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA ( C.O.A.G.)

Dentro do convenio de colaboración asinado entre a Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, proseguíronse as actividades culturais conxuntas, o Colexio colaborou nos gastos de viaxe, estancia, escritos varios por Fax e correo necesarios para a tramitación de tódolos asuntos que se xestionaron.

Celebrouse unha conferencia a cargo de D. JUAN IGNACIO DEL CUETO RUIZ-FUNES, DR. ARQ, que tivo lugar o día 16 de novembro 2006, na Delegación do COAG de A Coruña ás 20:00 horas, sobre :”ARQUITECTURA Y EXILIO: FÉLIX CANDELA EN MÉXICO”.

Tamén segue a colaboración nas Becas anuais para a realización de Teses Doutorais, as Becas para o programa ERASMUS, e os Premios COAG. Fin de Carreira.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA DE MADRID

Dentro da colaboración co Colexio mantén coa Fundación Alejandro de la Sota de Madrid, mantense o convenio de colaboración permanente entre as dúas entidades. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia colabora no desenvolvemento do Proxecto Cultural “FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA” aportando unha cantidade anual que se destina con carácter prioritario a aquelas actividades incluídas ou a incluír no programa, e nas que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia teña unha presenza mais xustificada. Tendo así acceso aos fondos dixitalizados da Fundación que están sendo utilizados na Biblioteca Colexial.

## PREMIOS

### XII PREMIO COAG DE ARQUITECTURA

O día 27 de outubro de 2006, as 10,00 horas, reúnese na Sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o Xurado do XII Premio COAG de Arquitectura, composto por:

Presidente:

Ilmo. Sr. Decano do COAG, D. Celestino García Braña, que na súa ausencia delega a súa representación no Secretario do Colexio, D. Alfredo González Cascallana.

Vocais: (dous arquitectos de recoñecido prestixio)

D. Antonio Vélez Catraín

Dña. Victoria Acebo García

Un representante da E.T.S.A. de A Coruña

D. José Manuel Casabella López

Un membro da Comisión de Cultura do COAG

D. Felipe Peña Pereda

Secretario

Secretario da Comisión de Cultura, con voz e sen voto, D. José Luis Varela Alén.

Comeza a sesión coa lectura por parte do Sr. Secretario da relación dos traballos presentados ó Premio, 49 en total.

ACORDASE conceder os seguintes premios:

#### PREMIO CATEGORÍA NOVA PLANTA

Obra: CAMPO DE FÚTBOL EN COIROS, A CORUÑA.

Autores: PATRICIA SABÍN DÍAZ, ENRIQUE M. BLANCO LORENZO

#### ACCÉSITS

Obra: VIVENDA EN GANDARÍO- A CORUÑA.

Autor: CARLOS QUINTÁNS EIRAS

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR- CASA P12 FINCA GRANDAS. ARNELA VILLAJUANE- FOZ-LUGO.

Autores: MARCOS PARGA PRADO, IDOIA OTEGUI VICENS

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR URB. ICARIA II- RÚA GALATEA 19- LIÁNS, TÉRMINO MUNICIPAL DE OLEIROS- A CORUÑA.

Autor: ALFONSO FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ

#### B) PREMIO DE REHABILITACIÓN

Obra: REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR- CIDADE XARDÍN- C/ VALLE INCLÁN, 9- A CORUÑA.

Autores: JOSÉ MANUEL LÓPEZ MIHURA, SONIA ROMERO TEJO

JOSÉ LUIS REY BARREIRO

#### ACCÉSIT

Obra: REHABILITACIÓN DO PAZO DE LESTROVE PARA O SEU NOVO USO COMO ESTABLECEMENTO HOSTELEIRO. LESTROVE S/N DODRO- A CORUÑA.

Autor: ANTONIO AMADO LORENZO

C) PREMIO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO

Obra: REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA MIXING, PICAVIA, 2- A CORUÑA.

Autor: CARLOS QUINTÁNS EIRAS

ACCÉSIT

Obra: PUNTOS DE INFORMACIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO EN LUGO, OURENSE, VIGO E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autor: JOSE ANTONIO VÁZQUEZ MARTÍN

D) PREMIO ESPACIOS ABERTOS PÚBLICOS (PRAZAS, PASEOS, PARQUES, ETC.)- EX – AEQUO

Obra: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA RIBEIRA SACRA- SOBER- LUGO.

Autor: ANTONIO TABOADA LÓPEZ

Obra: REHABILITACIÓN DE MUIÑO FLUVIAL EN SOBER- LUGO.

Autor: ANTONIO TABOADA LÓPEZ

ACCÉSIT

Obra: POSTA EN VALOR DA PONTE MEDIEVAL PONTELEDESMA, BOQUEIXÓN- A CORUÑA.

Autores: ELÍSABETH ABALO DÍAZ, GONZALO ALONSO NÚÑEZ

E) ARQUITECTURAS EFÉMERAS

Obra: MONTAXE DA EXPOSICIÓN “ARQUITECTURAS NO CAMIÑO. 1994-2004” SALA DE EXPOSICIÓN COAG- CASA DA CONGA- SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autor: ANTONIO AMADO LORENZO

ACCÉSITS

Obra: MONTAXE DA EXPOSICIÓN: GALICIA EN CARTEL, A IMAXE DE GALICIA NA CARTELARÍA TURÍSTICA, COLEXIO DE FONSECA- PRAZA DE FONSECA S/N SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autores RUTH VARELA RODRÍGUEZ, PABLO FERREIRO LORENZO

Obra: .SALÓN ESPACIO INDUSTRIAL “SEIN” STAND DE EXPOSICIÓN PALACIO MUNICIPAL DE CONGRESOS CAMPO DAS NACIONS- MADRID.

Autores: IVÁN LÓPEZ VEIGA, JUAN IGLESIAS BABÍO,  
VICTOR HERMO SÁNCHEZ

O Xurado ACORDOU conceder as seguintes MENCIÓNS:

ARQUITECTURA DE BAIXO CUSTO

Obra: VIVEIRO DE EMPRESA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autores: ELÍSABETH ABALO DÍAZ, GONZALO ALONSO NÚÑEZ

Obra: LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL-LOURIZÁN- PONTEVEDRA.

Autores: LUCILA NIETO ZÁS, JOSÉ M. BERMÚDEZ GRAÍÑO

OBRA PRIMEIRA, OBRA DE ARQUITECTOS NO COMEZO DA SÚA CARREIRA PROFESIONAL

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR E ESTUDIO DE ARQUITECTURA ENTRE MEDIANAS, C/ AMENEIRO, 20- LUGO.

Autores: CARMEN VIÑO VILA, MIGUEL ANGEL LÓPEZ FERNÁNDEZ  
JUAN JOSE VIÑO VILA

Para levar a cabo esta actividade realizáronse os seguintes traballos: Envío de Fax a todas las Delegacións do COAG, para coordinar a recepción das obras. Recepción de traballos, comprobación dos mesmos, elaboración de catálogos, organización da reunión do Xurado e preparación de documentación, reserva de hoteis, viaxes, colaboración coa axencia de prensa do Colexio. Atención a tódalas consultas presentadas polos colexiados en relación ó contido das bases. Fotocopiado de Fichas de Identificación das obras. Revisión dos proxectos presentados (visados, nº expediente, etc.). Listados dos traballos e creación de rexistros de control por categorías.

#### PROXECCIÓN CULTURAL

A Comisión de Cultura na súa actividade de proxección cultural desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes temas:

##### DOCOMOMO IBÉRICO

O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional DOCOMOMO IBÉRICO, D. Celestino García Braña, Decano do Colexio, é o Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo. Durante o decurso deste exercicio celebráronse 7 reunións.

O día 6 de novembro terminaba o prazo para as propostas de comunicación do vindeiro CONGRESO DOCOMOMO IBÉRICO “¿RENOVARSE O MORIR?” Que terá lugar do 19 ata o 22 de abril de 2007 en Cádiz.

##### PROXECTOS DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Como cada ano na circular Colexial (nº 134 do 16 de outubro) editáronse as normas para a presentación de proxectos de actividades culturais da Comisión de Cultura.

Recibíronse neste Comisión un total de 6 proxectos de publicacións, exposicións, becas de investigación etc. que foron posteriormente analizados e estudados polos Membros da Comisión para facer unha selección de propostas que se desenvolverán ó longo do exercicio 2007.

Para levar a cabo esta actividade realizáronse os seguintes traballos: Recepción de tódolos traballos presentados. Fotocopias e listados varios detallados das obras recibidas no Colexio. Supervisión de tódolos traballos recibidos para o cumprimento das condicións de admisión especificadas nas Normas. Envío de escritos para notificación dos acordos da Comisión de Cultura. Devolución de traballos non admitidos e outras xestións por Fax, correo, e- mail.

##### DIA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

A celebración do día Mundial da Arquitectura tivo lugar o día 2 de Outubro, foi unha iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que se manifestou nas 7 cidades galegas (A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago, Ferrol) cunha reflexión sobre un arquitecto e unha obra estreitamente vinculada a cada unha das cidades. A "Unión Internacional de Arquitectos" en todo o mundo e o "Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España" promoven e divulgan este día, nos seus ámbitos correspondentes, o tema para esta edición foi "Ciudades, el magnetismo de la esperanza"

En cada unha das cidades sinalouse un tema de interese arquitectónico (un arquitecto e unha obra) e divulgouse unha documentación que permitiu o coñecemento e as arquitecturas inmediatas e cotidianas das cidades.

#### RELACIÓN DE ARQUITECTOS E OBRAS POR DELEGACIÓN

|            |  |   |
|------------|--|---|
| A Coruña   | Rafael González Villar                                 | Edificio do Cine Avenida (A Coruña) Xullo, 1937   |
| Lugo       | Andrés Fernández-Albalat Lois                          | Factoría de Sargadelos (Cervo-Lugo), 1967-71  |
| Ourense    | Mariano Rodríguez Sanz                                 | Edificio de Vivendas, Paseo 5 Esquina Cardenal Quiroga, Antiguo nº 23 da Rúa de Alba (Ourense), 1939-40 |
| Pontevedra | José Manuel Gallego Jorreto                            | Casa do Concello da Illa de Arousa, Rúa Palmeira, 25- Illa de Arousa ( Pontevedra), 2004                |
| Santiago   | José Manuel Gallego Jorreto                            | Residencia do Presidente da Xunta de Galicia, Monte Pío (Santiago), Xullo, 2002                         |
| Ferrol     | Cruz López Müller<br>Antonio Vallejo e Gerardo Calviño | Unidade Veciñal 1, Rúa Masaia (Ferrol) 1974<br>Unidade Veciñal 2, Rúa Alcalde Quintanilla (Ferrol) 1970 |
| Vigo       | Jenaro de la Fuente Álvarez                            | Edificio Aurora Polar (Vigo)1959  |

#### PROXECTO TERRA

No ano 2001 tivo lugar a presentación do Proxecto Terra na Sede do Colexio en Santiago. Este proxecto foi presentado dentro das Actividades de Cultura do exercicio 2000. O Proxecto Terra é un proxecto didáctico dirixido á Educación Secundaria Obrigatoria coa fin de contribuír dende a nosa disciplina a mellorar o coñecemento que os escolares do noso país deben ter da nosa identidade territorial e da nosa arquitectura.

No exercicio que se contempla o equipo do proxecto Terra formado por Xosé Manuel Rosales Noves, Antonio Díaz Otero, Juan Luis Dalda Escudero e Pedro de Llano Cabado, entre outros, sigue traballando para levar a cabo a totalidade das actividades presupostadas, neste exercicio elaboráronse as seguintes unidades didácticas:

A CORUÑA  
 A CORUÑA: MAPA  
 A MANSIÓN DOS PAMPIN (2ª)  
 ALLARIZ  
 ALLARIZ: MAPA  
 FERROL: MAPA  
 FERROL-FRAGAS DO EUME  
 GUÍA DE XOGOS TRADICIONAIS  
 LUGO  
 LUGO: MAPA  
 O CAMIÑO DE SANTIAGO: O CEBREIRO- SAMOS  
 O CEBREIRO A SAMOS: MAPA  
 OURENSE  
 OURENSE: MAPA  
 PONTEVEDRA  
 PONTEVEDRA: MAPA  
 PROXECTO TERRA  
 PROXECTO TERRA: EDUCACIÓN SECUNDARIA  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 SANTIAGO: MAPA  
 UN PAIS: A SÚA ARQUITECTURA E O SEU TERRITORIO  
 VIGO  
 VIGO: MAPA  
 1 EDUCACIÓN SECUNDARIA

#### V ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA

Durante o ano en curso leváronse a cabo varias xestións encamiñadas á organización dos vindeiros " V Encontros", que terán lugar en novembro de 2007 (8, 9 e 10 ), para o cal, o secretario da Comisión de cultura reuniuse có Comité Científico en Londres o pasado mes de febreiro. Como consecuencia de dita reunión, fóronse confirmando os nomes dos poñentes para o Congreso así como as actividades paralelas, que se definiron definitivamente. Está prevista unha próxima reunión en Barcelona, coa presenza dos membros de Andar Quatro, D. Luciano Alfaya e Dna. Patricia Muñiz, o comisario, D. Wilfred Wang, os membros do Comité Científico, os arquitectos D. Félix Arranz e D. Xavier Costa e en representación do COAG asistirán, O Decano do Colexio D. Celestino García Braña, o Presidente da Comisión de Cultura D. Felipe Peña e o Secretario D. José Varela Alén.

Está no prelo a publicación dos "IV Encontros", que será presentada no mes de novembro 2007.

#### MUSEO DO MAR DE GALICIA

O Colexio sigue mantendo a súa colaboración co MUSEO DO MAR DE GALICIA, o representante do Colexio, D. José Luís Varela Alén, Secretario da Comisión de Cultura, é o encargado de participar nas conferencias, mesas redondas e exposición que se organizan dende o CONSELLO ASESOR DO MUSEO DO MAR DE GALICIA.

#### PÁXINA WEB DE CULTURA

A Comisión de Cultura dispón dunha páxina web na que os visitantes poden consultar información sobre membros da Comisión, Delegacións, suplementos, edicións, publicacións periódicas do Colexio (Obradoiro, O Monografías), libros, catálogos, premios do Colexio e o Proxecto Terra. Neste exercicio que se contempla, a páxina Web de

Cultura tivo un total 21.854 visitas, segundo datos facilitados polo Departamento de Informática (Comisión de cultura: 4.017 visitas- Edicións Culturais: 4.113 visitas- Exposicións: 5.877 vistas- Premios: 7.847 visitas) recibíronse 1470 correos para solicitudes de información sobre temas culturais, petición de libros etc.

#### OUTRAS AXUDAS, CONFERENCIAS E COLABORACIÓNS DA COMISIÓ DE CULTURA

##### CONFERENCIA E MESA REDONDA: ALEJANDRO DE LA SOTA SESIÓN CRÍTICA

O martes 10 de outubro na chocolatería (orfas, 15- Santiago de Compostela) na que se expoñían diversas maquetas de edificios e proxectos de Alejandro de la Sota, realizadas por alumnos da escola de arquitectura de Munich, tivo lugar, de 16:00 a 19:00 horas, una sesión crítica con tres arquitectos coñecedores da obra e o pensamento deste mestre da arquitectura: D. VÍCTOR LÓPEZ COTELO, D. JOSÉ LLINÁS CARMONA e D. MANUEL GALLEGO JORRETO

##### INTERCAMBIO DE PUBLICACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

Mantéñense neste momento, intercambios de publicacións de libros con varios organismos e entidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, CGAC, COGAMI, Deputacións de Pontevedra, Lugo, e Ourense, Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, varios COAS nacionais, Centro de Cultura Contemporánea e Deputación de Barcelona, Fundación Antonio Camuñas, Generalitat de Catalunya e con revistas de Arquitectura e Urbanismos nacionais e internacionais. Recibíronse un total de 52 libros e 58 revistas. Os fondos recibidos a través destes intercambios pasan a formar parte das publicacións da Biblioteca Colexial.

##### SERVICIO DE ATENCIÓN AOS COLEXIADOS, DEPARTAMENTOS DO COLEXIO E DELEGACIÓNS

O longo do exercicio que se contempla atendéronse nesta Comisión tódalas consultas presentadas sobre temas culturais do Colexio polos colexiados, así como as consultas e información solicitada polos diferentes Departamentos e Delegacións do Colexio para a súa xestión.

##### SERVICIO DE PUBLICACIÓNS. EDICIÓNS DE LIBROS

##### EDICIÓNS DE LIBROS

